

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE ARTEIXO – EMMArteixo

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

Actividades Complementarias e Ensinanzas de Conxunto

Curso 2022-2023

A **Concellaría de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación** abre prazo de preinscrición entre os días 12 e 23 de setembro para as actividades complementarias e de conxunto da EMMArteixo para o curso 2022-2023 que darán comezo **no mes de outubro** sempre que se acade o número mínimo de solicitudes para cada unha delas.

DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES

- **AULA DE MÚSICA MODERNA:** Agrupación musical dirixida a todo tipo de instrumentistas e orientada á música desde os anos 1920, a época do swing, ata a música da actualidade (funk, soul, rock...). Traballaranse temas de Aretha Franklin, Count Basie ou temas de actualidade como Bruno Mars.
- **AULA FOLK:** A través da materia de Aula Folk coñeceremos diferentes músicas, tanto da nosa comunidade como doutras culturas. Mediante esta materia tamén se traballará a interpretación en grupo; unha experiencia moi importante na música que permite unha formación máis divertida para enriquecernos, compartir, aprender e gozar.
- **INFORMÁTICA MUSICAL:** Actividade que utilizará os recursos tecnolóxicos en educación musical, medios audiovisuais, informática musical para conectar a creatividade coa produción musical.
- **ORQUESTRA:** Actividade de instrumentos de corda, vento e percusión que traballará dende repertorio clásico ata bandas sonoras máis modernas.
- **GUITARRA E BAIXO ELÉCTRICO:** Nova actividade, que nace coa clara vocación de converterse en agrupacións abertas a outros instrumentos. Coñeceranse a técnica e características da guitarra e baixo eléctrico, coa práctica conxunta en diferentes estilos musicais.
- **DIVERSIDADE MUSICAL:** Actividade de música e movemento dirixida a persoas con diversidade funcional
- **CORO INFANTIL:** Actividade dirixida á nenas e nenos na que se traballará o canto colectivo dende un punto de vista lúdico e ameno.
- **CORO PERSOAS ADULTAS:** Actividade dirixida á poboación xuvenil e adulta na que se traballará o canto colectivo dende un punto de vista lúdico e ameno.

A QUEN VAN DIRIXIDAS

Tanto ao alumnado da EMMArteixo como a aquelas persoas que non estean matriculadas na Escola pero desexen participar nelas.

Para as actividades de AULA DE MÚSICA MODERNA, AULA FOLK, ORQUESTRA, e GUITARRA E BAIXO ELÉCTRICO é preciso dispoñer de instrumento e ter coñecementos previos.

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE ARTEIXO – EMMArteixo

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

HORARIOS

<input type="checkbox"/> AULA DE MÚSICA MODERNA: Martes, de 19:00 a 21:00 h	<input type="checkbox"/> GUITARRA E BAIXO ELÉCTRICO: Venres, de 19:00 a 21:00 h
<input type="checkbox"/> AULA FOLK: Mércores, de 19:00 a 21:00 h	<input type="checkbox"/> DIVERSIDADE MUSICAL: Xoves, de 19:00 a 19:45 h
<input type="checkbox"/> INFORMÁTICA MUSICAL: Xoves, de 18:00 a 19:00 h	<input type="checkbox"/> CORO INFANTIL: Venres, de 18:00 a 19:00 h
<input type="checkbox"/> ORQUESTRA: Venres, de 16:00 a 18:00 h	<input type="checkbox"/> CORO PERSOAS ADULTAS: Venres, de 19:00 a 20:00 h

INSCRICIÓN:

Do luns 12 ao venres 22 de setembro de 2022, enviando o modelo normalizado de inscrición, cuberto e asinado a: emmaarteixo@gmail.com

CUSTO DAS ACTIVIDADES:

Serán actividades de balde para o alumnado da Escola e terán un custo de 37,50 € trimestrais para o resto de participantes.

CONDICIÓN:

- Prazas limitadas.
- O comezo das actividades está supeditado a que exista un grupo mínimo de solicitudes.
- En caso necesario realizarase sorteo de prazas.

PROCESO DE ADMISIÓN:

A última semana de setembro informarase por correo electrónico ás persoas inscritas sobre a admisión e o comezo, ou non, de cada actividade, así como da documentación a aportar aquelas persoas que non sexan alumnas da Escola.